

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitarlle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, entenderase como «equipo de traballo»:**

- A) Unicamente calquera máquina utilizada no traballo.
- B) Unicamente calquer instrumento utilizado no traballo.
- C) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizado no traballo.
- D) Exclusivamente calquera máquina, aparello ou instrumento utilizado no traballo.

**2. Segundo o artigo 22.1. da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a renuncia á condición de persoal estatutario ten o carácter de acto voluntario e deberá ser solicitada polo interesado cunha antelación mínima de:**

- A) 5 días á data na que se desexe facer efectiva.
- B) 10 días á data na que se desexe facer efectiva.
- C) 15 días á data na que se desexe facer efectiva.
- D) 30 días á data na que se desexe facer efectiva.

**3. A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, ten por obxecto:**

- A) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido na Constitución.
- B) A regulación xeral de todas as prestacións da seguridade social.
- C) A definición da política de persoal do sistema sanitario público do Estado español.
- D) A definición da política de persoal do sistema sanitario público do Estado español.

**4. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade establece, no seu artigo 1.2, que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:**

- A) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Todos os españois e os estranxeiros inmigrantes.
- C) Calquera persoa que se atope no territorio español.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**5. Segundo o artigo 67.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en:**

- A) Áreas sanitarias.
- B) Distritos sanitarios.
- C) Zonas sanitarias.
- D) Todas as respostas son correctas.

**6. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado:**

- A) Por regra xeral será verbal.
- B) Por regra xeral será escrito.
- C) Será verbal en todo caso.
- D) Será escrito en todo caso.

**7. Segundo o artigo 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo:**

- A) Á función desenvolvida.
- B) Ao tipo do seu nomeamento.
- C) Ao nivel do título esixido para o ingreso.
- D) Todas as respostas son correctas.

**8. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a prestación do consentimento informado:**

- A) É un dereito do paciente e a súa obtención un dereito do médico.
- B) É un dereito do paciente e a súa obtención un deber do persoal sanitario.
- C) É un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- D) É un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico, que poderá delegar en calquera profesional que traballe no seu equipo.

**9. Segundo o artigo 24 do Decreto 206/2005 do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, con carácter extraordinario e excepcional, e para o acceso a prazas de persoal licenciado sanitario que requiran alta especialización, a selección poderá realizarse a través de:**

- A) Unha oposición.
- B) Libre designación.
- C) Un concurso ou un concurso–oposición consistente na avaliación da competencia profesional dos aspirantes.
- D) Todas as respostas son correctas.

**10. De conformidade co artigo 76 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia indique cal das seguintes é unha competencia da Consellería de Sanidade:**

- A) A avaliación, en termos de saúde e actividade, do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) A elaboración, desenvolvemento e coordinación da execución das directrices da política sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) A elaboración do proxecto do Plan de saúde de Galicia e a súa remisión ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) Todas as respostas son correctas.

1. O artigo 92.1. da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, configura, para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, o Servizo Galego de Saúde como:

- A) Un consorcio.
- B) Unha axencia pública.
- C) Un organismo autónomo de natureza administrativa.
- D) Unha sociedade mercantil pública.

2. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, é de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Nos centros e establecementos sanitarios públicos, non sendo de aplicación aos centros privados.
- B) Nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.
- C) Nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados excluindo os centros non concertados.
- D) Ningunha resposta é correcta.